



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.-

En cumprimento do establecido no acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de xullo de 2015 no que se aproban as Bases para un Concurso de Cartaces, con motivo da celebración da “X FESTA DO TINTO RÍAS BAIXAS” que foron publicadas no BOP 135 de 16 de xullo, e na que se establecen os premios segundo o disposto no apartado de VI de ditas bases, e a vista do certificado da Secretaria Interventora na que se certifican os traballos presentados en prazo, e a vista da Acta do Xurado Cualificador do Concurso, asinada o 24 de xullo e na que se acorda por unanimidade a concesión dos premios.

Considerando que entre as atribucións que corresponden ao Alcalde figura o desenvolvemento da xestión económica dacordo co orzamento aprobado e dispor gastos dentro dos límites da súa competencia, de conformidade co disposto no artigo 21.1 f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, competencia delegada en X.G.L. segundo resolución de Alcaldía de 17 de xuño de 2015, e en base ao establecido no artigo 14 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

RESOLVO:

Primeiro: Avoca-la competencia en materia de gasto.

Segundo: Conceder os seguintes premios:

- Conceder o primeiro premio, dotado con 250 euros, a D. Francisco Rodríguez Núñez pola obra titulada *Explosión Sousón*.
- Conceder o segundo premio, dotado con 150 euros, a D. Pablo González Domínguez pola obra titulada *Triangulitis*.
- Conceder o terceiro premio, dotado con 100 euros, a Dna. Jessica Lorenzo Cames, pola obra titulada *Río de Viño*.

Estos premios se completarán coa proposta da “Asociación Ruta do Viño Rías Baixas” á que pertence o Concello de As Neves, para as persoas premiadas.

Terceiro: Os beneficiarios dos premios quedan obrigados a aceptar o establecido na base VIII do concurso, na que se establecen os dereitos ás obras premiadas, por parte do Concello.

Cuarto: Aprobar o gasto dos premios en metálico con cargo á aplicación orzamentaria: 4311.22699 do actual exercicio.

Quinto: A presente resolución pon fin á vía administrativa e poderá ser recurrida potestativamente en reposición no prazo dun mes ante o Concello das Neves, ou ser impugnada mediante interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á data da súa notificación.

O mandou e asina o Sr. Alcalde-Presidente Acctal., Don Manuel Eduardo Mariño Souto, nas Neves a vinteseite de xullo de dous mil quince.

O Alcalde-Presidente Acctal,

Ante min,
A Secretaria,

Asdo: M^a Isabel Martín Alonso